

Gañador do III Premio Olga Gallego de Investigación en arquivos (2019)

Diego Gómez-Aller Andrés (Vigo, 1986)

Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 2011 e Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea pola mesma universidade no ano 2012. Tamén posúe o mestrado en Xestión da Documentación, Bibliotecas e Arquivos, especialidade en arquivos, da Universidad Complutense de Madrid (2017).

Con formación en historia contemporánea, arquivística e biblioteconomía ven desenvolvendo a súa vida laboral no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra como técnico de arquivos desde o ano 2013.

No campo da historia tamén ten participado en diferentes actos como as *Jornadas de Historia Contemporánea y del tiempo presente. La transición a la democracia en Galicia* co relatorio titulado *La otra transición: reconversión naval y movilización social*, organizado pola UNED-Ourense; ou no *Workshop Arredor do 78. Xornadas de Reflexión e debate* co relatorio titulado *ASCON: un conflito laboral na Transición*, organizado polo grupo de investigación HISPONA da Universidade de Santiago. Tamén ven de colaborar no proxecto *Xeración perdida. Representatividade institucional e represión: as corporacións municipais da fronte popular na provincia de Pontevedra* igualmente promovido polo grupo de investigación HISPONA.

FUNDACIÓN
OLGA GALLEGÓ